

Dóspatas insensátoas,
Forxá, forxáde gril'os;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos intintos...
Eses... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguilos!
Edoardo PONDAL

A Nosa Terra

(NUESTRA PAÍS)

Ano XXX • BUENOS AIRES, ABRIL DE 1945

Redacción - Administración: Rua BELGRANO 2186

Nº 437

CORREO ARGENTINO
Central B

FRANQUEO PAGADO
Concepción No. 2032
TARIFA REDUCIDA
Concepción No. 2727

EDITORIAL

Ante la Conferencia de San Francisco

La tarea de organizar la paz — de abordar el propósito de encarrilar al mundo por derroteros de libertad y de justicia que aseguren un mejor vivir moral y material a hombres y pueblos, y de evitar nuevas guerras — es el loable, y también difícil, cometido que llevó a las potencias a reunirse en la Conferencia de San Francisco.

En nombre de la justicia, de la libertad y de la democracia fueron llamados los pueblos a empuñar las armas. Bajo la invocación de tan elevados principios hicieron los estados, la convocatoria de guerra — no obstante que, cual más cual menos, no dejara de pisotearlos cuando lo estimaba conveniente, no faltando tampoco gobiernos que de continuo los tuvieran bajo sus plantas.

Ahora, en nombre de esos mismos principios, las mismas potencias, en compañía de otras que en nada las aventajan, intentan arreglar, un poco en abstracto, el porvenir de la humanidad — quizás una humanidad ajena a los pueblos de cada una de ellas.

Estas consideraciones podrían llevarnos a contemplar con pesimismo cuanto pudiera salir de la Conferencia de San Francisco. Y con más razón todavía, si reparamos en que allí se enfrentan, recelosas y llenas de sospechas, concepciones opuestas que aspiran a un dominio universal.

Pero la realidad es más fuerte que todos los sistemas político-sociales imaginados por los hombres. Los pueblos que alienan ideales y sienten necesidades terminarán por imponerse a la humanidad abstracta final de cuentas vendrá a resultar que, de cuanto Francisco se acuerde, sólo habrá de perderse vallada e implantarse al ser v a las aspiraciones de los pueblos.

Por eso, los triunfos teóricos que cada sistema pueda lograr, no darán la tónica de la modalidad futura de la humanidad, sino en la medida precisa en que recojan aquel ser y aquellas aspiraciones. Y, si en un esfuerzo de adaptación para consolidarse, los distintos sistemas vinieran a colmar por igual las necesidades de los pueblos, entonces dejarían de ser opuestos para trocarse en compatibles.

Ello nos hace mirar con optimismo la lucha incierta que ha comenzado en San Francisco, la que habrá de perdurar todavía por largos años. Las posiciones que, bien o mal, se conquistan, sólo podrán mantenerse a condición de evolucionar a tono con la realidad. Y, al remate de cuentas, muy bien el triunfador teórico puede convertirse en el vencido de la vida.

En San Francisco se empezó a recorrer un camino, que, ciertamente, habrá de tener sus altos y bajos, y también sus vueltas; pero, por él la humanidad habrá de ir hacia un ideal cada vez más suyo, y logrando una organización cada vez más en consonancia con el modo de ser de cada pueblo.

FIN DO DRAMA

Finou a traxedia. As figuras sinistras da longa noite de pedalo foron caíndo grotescamente unha á unha. E o final do drama, un drama de loucura levado ás súas consecuencias más espantosas, onde os autores entolecidos empurraron na súa toleira a xentes e países.

Benito Mussolini, o teatral "Imperatore dos románs", "condottieri" de povos, grotesco imitador dos Césares, fina de facer a súa derradeira brincada.

Os guerrilleiros patriotas botáronlle man no seu derradeiro reduito, onde teimaba por á proba a nova e coitada comedia do Estado feixista republicáns, remembranzas d'aquelas grandiosas representacións de ópera soberba que tiña por escenario o balcón do palacio de Venecia.

O home dos xestos e das frases teatrais que ameazaba á amolecida Europa da post-guerra coas súas famosas oito millóns de baionetas que "escurecían o sol" e que foron espectacularmente derrotadas e postas en vergonha fuxida en Guadalajara e que seguiron fuxindo en Albania e Gracia, acaba de ser apreixado e arrimado contra o paredón na comapaña de dazaseis xerarcas do feixismo.

Como un vulgar delincuente, o "Imperatori del fascio" morreu asulagado nun pranto de medo indiño, á mans dos patriotas italiáns que d'ese xeito vingaron aos povos que foran vítimas das súas tráxicas arroutadas.

O Caudillo, a Radio de Valladolid e a Guerra en Europa

O Caudillo non desaproveita agora oportunidade para desfigurar as suas intencións. Da voltas e reviravoltas coas máns na cabeza, deseguro perguntándose: ¿qué terei eu eiquí dentro?...

Fai poucos días dixo: "Eu non fixen a guerra... non axudei a Hitler. Non son feixista: eu son nada máis que democrático e cristiano..." O lío que fixen na miña casa... bueno, iso foi para demostrar a miña ténica militar... Qué matei dous millóns de hespaños! Qué diante lle importa a ninguén iso...?"

Para termos unha pequena idea dos feitos, xa que as intencións son coñecidas, transcribimos o seguinte parágrafo do Boletín da Embeixada da URSS en Montevideo:

Franco atópase de malas. Fai moi tempo xa que remataron para non voltar endexamáis, os días venturosos de ARANJUEZ, cando se podía berrar das vitórias sober do proprio povo, ocu-

par por asalto ou esgrimir o ferro diante Xibraltar. Os tempos cambean. O amo de Franco é batido no Este e no Oeste... A veciñanza a hora do axuste de contas. Dende logo, as preocupacións do Caudillo non carecen de razóns. Ainda non se deu na historia un caso no que os críminaños pidan o castigo... Mais o castigo inexorable para o Caudillo aprisimase

A lexión de Franco, esfarrapada, xa non leva a cór azul. Pero isto non cambia o fondo do asunto. Os soldados hespaños feitos prisioneiros no segundo fronte de Ucrania puxeron en claro que a política militar de Franco non cambiou desde 1942-43. Un destes maofadados fidalgos, Xesús Sáenz Balsa declarou: "En 1943 eu era enfermeiro da División Azul hespanola. Ao fin do mesmo ano saí licenciado e voltei a Hespanha. En xuño de 1944 alisteime como voluntario no exército hespanol. Mais non me deixaron en Hespanha, senón que fun enviado a

Imsbruk (Austria) onde se estaba formando unha nova lexión hespanola. En Hespanha hai dous centros de recrutamento de soldados hespaños para facela guerra a veira dos alemáns: un en Logroño, outro en San Sebastián. O primeiro dirixeo un tenente coronel do Ministerio da Guerra cuxo nome non recordo, e o xefe do segundo é o tenente Cerdeiras, do exército hespanol, dirixente falanxista e que antes sirveu na División Azul. Dende agosto a lexión foi compretada tamén con hespaños anteriormente acadados para traballar nas empresas industriaes en Alemaña. Depois de compretar a lexión en agosto, envíouse a primeira comapaña aos Cárpatos para participar nos combates. Duas comapañas foron levadas a Xugoslavia, ao distrito de Celje (ao S. O. de Maribor), para pelear contra os guerrilleiros. A fin de outubro as duas comapañas foron trasladadas a Stockerau (Austria). Tamén chegaron alí as migallas da primeira comapaña derrotada nos Cárpatos. A Stockerau chegaron de Hespanha tropas para compretar a lexión. O 7 de febreiro

Domingo, Río Xava enteira polo ferrocarril Bratislava-Nitra ao distrito de Vrable. Alí as duas comapañas recibiron unha nova numeración. A primeira comapaña comezou a chamar-se "Comapaña especial hespanola N° 101", e a segunda, "Comapaña especial hespanola N° 102". As duas comapañas ocuparon liñas defensivas ao Este de Vrable, sustituindo as unidades alemáns levadas a descansar... "Naturalmente, as duas comapañas "vontarias" de Franco — pouco importa a sua numeración — non alivianaren nen motio menos a Hitler. Mais fica patente que Franco segue axudando aos seus amos de Berlin. Ista axuda ten múltiples xeitos: materias primas, bases pra submarinos, servizo i espionaxe, atos de provocación, esforzos para axudar a Hitler tamén no terreno da propaganda destinada para determinados meios feixistas. Fai só uns días captuouse unha emisión da radio falanxista de Valladolid na que dixo con todo descaro: "Alemaña asega a pas, a liberdade, o orde, o traballo e a defesa contra o comunismo". De xeito que no lingoaxe de Franco, a segunda guerra mundial desencadeada polos alemáns chámase pas, o asoballamento de ducias de millóns de seres dos países europeos chámase liberdade, os campos de esterminio, orde, o acadamento pola forza de millóns de escravos estranxeiros, traballo.

Terminoloxía moi estrana! O mesmo Franco quizais non teña fé nas suas proprias verbas..."

O Presidente Aguirre en Europa

O Presidente do Goberno Vasco prosegue as suas xestións en Europa no intre en que poñemos istas liñas. Os resultados destas xestións nos derradeiros días son coñecidos polos nosos leitores através dos xornaes diarios. Sabemos que na Franca se lle dispensaron honras polo Goberno daquele país. Inda ben non chegado a París púxoselle a sua disposición polo Goberno un automóbil e brindóuselle aloxamento nun hotel, ficando as suas ordes durante a sua permanenza naquela capital así como noutros logares da Franca diversos funcionarios oficiaes.

Derradeiramente trasladouse a "Lendakari" a Londres, onde tamén foi recibido polas autoridades agarimadamente e polos vascos con entusiasmo.

Coincidou o Dr. Aguirre en Londres coa rememoración da destrucción de Guernica, habéndose feito con ese gallo un acto no que se entonou o hino ao árbore de Guernica e no que o viaxeiro pronunciou un discurso.

No seu discurso, o Sr. Aguirre, destacou a necesidade da unión dos eisilados hespaños. Dixo que "neste intre o Goberno de Euzkadi somente traballa cara un ouxetivo: a maneira efetiva de pór termo a tiranía franquista, a que todolos vascos, os galegos e cataláns nos atopamos sumetidos por igoal. Estou plenamente convencido que si se lograra caería Franco iste

mesmo ano. Debemos outer a liberdade; mais elo non é dabo do. Debemos de atopar novamente a civilización da liberdade que coñeceron nosos abós. Chegaremos a elo atraves da solidariedade nascida nas trincheras e nos campos de concentración, solidariedade que ninguén porá esmagar. Por unidade non queremos significar identidade de puntos de vista. Eisisten e deben de eisistir puntos de vista diverxentes entre os individuos, mais eisiste un gran vinculo que nos une a todos: o noso nemigo común. Estamos vivendo actualmente nunha gran época histórica, a terceira fase da historia vasca. Temos o dereito de Goberno propio: Euzkadi libre é unha garantía para as democracias da Península ibérica. Todolos vascos, es-pallados sober do mundo entero, na actualidade, traballaron en conxunto afervoadamente. Den de as Pampas arxentinas até a América do Norte, dende Narvik ao Norde de África, foi ié sentida a sua contribución. A Península ibérica libre, pola que estamos labourando, ten de formar o ponte cara as democracias americanas. Son fondamente outimista porque non percebo outro xeito de ser i estou convencido de que estamos destinados a grandes cousas. Atopámonos hoxe a lus da conferencia de San Francisco e teño a seguridade que iste é o derradeiro ano da tiranía en Hespanha".

Terminoloxía moi estrana! O mesmo Franco quizais non teña fé nas suas proprias verbas..."

O Coello, Símbolo e Meta da "Economía" Falanxista

O mes pasado, o goberno falanxista de Madrid, espallou poloable, pra "consumo" dos galegos residentes en América, unha boa noticia encol do progreso pecuario de Galicia. Nós desconfiábamos de tanta beleza, e os cutros días confirmouse esta desconfianza, pois chegou as nosas máns, unha estadística do ano 1934, i-enseguida a compararamos coa de 1944 que nos mandaron estes ilustres e "veraces" estadígrafos, que afirman, moi soltos de lengua, que baixo o "xenial" goberno falanxista, a riqueza gandeira de Galicia, había aumentado enormemente. Eis as cifras:

Vacunos:	
1934	1.242.527
1944	1.077.772
Merma:	164.755
Equinos:	
1934	99.314
1944	57.314
Merma:	42.000
Ovinos:	
1934	641.073
1944	50.554
Merma:	590.519
Porcinos:	
1934	865.446
1944	739.431
Merma:	126.015
Caprino:	
1934	324.556
1944	251.511
Merma:	73.045
Asnal:	
1934	47.744
1944	37.300
Merma:	10.444
Mular:	
1934	28.001
1944	16.013
Merma:	11.988
Aves:	
1934	3.765.854
1944	3.463.841
Merma:	302.013
Coellos:	
1934	348.841
1944	1.002.048
Aumento:	654.207

Desta comparanza, se deduce a enorme merma da riqueza gandeira da nosa terra. Non oustante, a "estadística" falanxista, queremos demostrar o contrario. O único que aumentou foi a cifra dos coellos, polo que pode ser este animal, o símbolo da "floreciente e imperial" economía da Hespaña falanxista.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

CELT

A Hespaña Grande

A Hespaña é o país da diversidade. Diversos o seu chan, a frora, a língua, os costumes, os tipos. Nacións diversas, ben definidas como Castela, Vasconia, Cataluña, e Galicia. Para qué reducir violentamente á unidade o que é diverso, vario e vivo? Sin esa violenta unidade, matadora de todo xermolo espontáneo, a Hespaña non houbera seguido o curso desastroso da súa historia. Coa diversidade se camiña mais axiña —contra do que semella a primeira vista— deixa o grande e benfeitor ideal de unha humanidade planetaria. Chegará un día en que Hespaña poida revestirse a súa verdadeira forma étnica e xeográfica?

Soio sendo grandes, prósperas, autónomas, as nacións contidas no chan de Hespaña, será grande Hespaña. De "naciones" se ten falado decote polos escritores crásicos, no século XVII, ao mentar o que hoxe chiamos "regiones". Non os asustemos do nome. Non sexamos mais coitados que os nosos dantenecesores de fai tres ou catro séculos. O importante é desexar a grandeza de toda Hespaña, e de por despois, sin caraxes nacionalistas, sin rencores raciales, a Humanidade por riba da Patria.

AZORIN

Homaxe a Azaña en Montevideo

O día 22 do actual, os republicanos de Montevideo reílizaron un homaxe a don Manuel Azaña, co gallo de inaugurarxe unha placa coa súa efíxie, na praza que leva o seu nome.

O acto estivo concurridísimo, e falaron varios oradores que puxeron de releve os outos méritos do homaxeado. Recibíronse numerosas adhesións, entre elas a da Irmandade Galega de Bós Aires, que estivo representada no dito acto polo noso compañoiro de tarefas, irmán Francisco Regueira. A mesma Irmandade, tamén suscribeu o seu aporte pra costear a devanida placa, que é unha bela obra d'arte do escultor Sanseverino.

Fixeron acto de presencia n'este acto os nosos irmáns de Montevideo e caracterizados militantes do republicanismo galego do Uruguay. Despois do acto, celebrouse un xantar de carácter íntimo, o que foron invitadas as delegacións e algunas personalidades uruguavas. O presidente

do Centro Republicano Español, señor Arón, ofreceu a comida en verbas cordialísimas e acertadas. Falaron, despox, os doctores Barcia, Serra Moret e Cardoso, sendo todos aplaudidos.

Unha tormenta nun vaso d-auga...

En "Galicia", con data 28 d'abril, aparesceu á todo trapo, un artigo firmado polo señor J. Díaz Estévez, comentando un telegrama de dubidosa factura apa escido en "La Prensa" desta Capital, en col dos dereitos que ten Galiza á súa autonomía.

Entreñése o señor Estévez, en negar o que está fora do alcance de toda negación caíndo d'este xeito, no mesmo erro do telegrama de marras.

Sería comentente, que o señor Estévez enxerguera que o noso idioma e á nosa nazonalidade non están en discussión posto que esta clas de discussións ao respecto témolas superadas, polo tanto, o único que nos resta por facer aos galegos é tratar por todos os meios ao noso alcance; que ás nosas arelas patrióticas sexan unha realidade na nosa Terra. E a iso vamos, señor Estévez...

Deixalos que berren. Cumplen co seu triste destino de ser traidores a Terra. Nós comprimos co noso.

Galicia, por diñidade e por coñecemento debe ter unha política propia, debe ter partidos seus, non suxeitos a ningunha xefatura allea ao país, a ningunha discipliña que os cohiba na defensa dos intereses espirituais e materiais da Terra.

Un xuizo de Suárez Picallo sobor da xestión do presidente Aguirre

Na revista de Santiago de Chile, "Ercilla", o diputado galego e membro do CONSELLO DE GALIZA, Ramón Suárez Picallo, comentou o viaxe a França do Presidente Aguirre deste xeito:

"Coñecemos ben ao Presidente dos vascos e sabemos que o seu viaxe, feito en condición excepcionais, non é de turismo nin de loacemento persoal; sabemos, tamén, que non chegou a França coas mans valeiras, pois ademais da súa condición de xefe de "GALEUZ CA" (Galiza, Euskadi e Cataluña), levou a confianza tácita i expresa de importantes núcleos de republicanos hespánicos, que ollan nel a unha das millores reservas da Democracia Peninsular Ibérica, e pola súa nobreza, a súa lealdade e o seu espírito ponderado, a un elemento de concordia entre os próximos republicanos.

Xa deixemos unha vez, dende istas mesmas columnas, que a atitude de França será decisiva para o porvenir da Democracia hespánola. França non reanudou ainda as relacions diplomáticas regulares cos Hespanos de Franco. França é aliada da Unión Soviética, a única potencia europea que combate o réxime de Franco cara a cara e sen andrómenas. O canciller francés Bidault, católico como Aguirre, declarou non fai moito que Hespana é tanto ou más interesante para a seguridade francesa como o propio Rhin.

Pois ben, Xosé Antonio de Aguirre foi recibido en audiencia especial por Bidault, e por outros membros abultados do Goberno francés. Horas despois da entrevista, o "Lendakari" vasco, xunto con outras persoalidades francesas, depositou flores no Arco do Trunfo sobre da tumba do Soldado descoñecido. E todo elo nas vispas da Conferenza de San Francisco de California, onde a França ten moras e moi importantes cousas que decir.

Moitos republicanos hespánicos atópanse maquinando istos días sobor do que fai en França o Presidente vasco: aí fica, senón dito de todo, suxerto ao menos, o que é posíbel que faga: lograr un acordo republicán peninsular primeiro e plantear despois de xento e manear de que en San Francisco se fale dos povos de Hespana, no intre de facer balance dos esforzos pasados e futuros, e polo-a liberdade do mundo, e a súa soberanía, para facer iso e para facer moito máis. Por outra banda a súa atitude responde a unha tradición histórica. Cando o Estado centralista fracasou e perdeu a Hespana —época de Napoleón por exemplo—, foron os seus povos, con persoalidade propia e pola súa conta xuntos ou separados, os que conquireron a independencia peninsular, namentres o Estado oficial lle daba auga ao invasor. Máis unha vez, a historia repetece.

CASA DURAN
 • SOMBREIROS
 • CAMISAS
 • BONETERIA
 • PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

Rotisería 'El Serrano'

XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.

(A MANEIRA DE GALIZA)

NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

Non negamos que a Constitución do 31 poida servir como ponto legal de partida para organizar as forzas democráticas de Hespaña, tanto no interior como no exterior; pero outra causa sería que nós aceptássemos esa Constitución, non como antecedente xurídico, senón como topo ideolóxico das varias forzas que integran a democracia hespañola, porque o día que se restaure o orde republicán en Hespaña será para abrir un novo período constituinte e non para volver ao estado constituido, que fracasou e feneceu —mártir e virxe— moito antes de producirse a guerra civil. Sendo evidente que todolos países do mundo entraron xa nun período revolucionario, máis ou menos declarado, e que todalas Constitucións están en trance de revisión, resultaría parvo que forxáramos o porvir da República hespañola sobor d'un Código inútil. Apesares desta evidencia, os xerifaltes do republicanismo hespañol, no desterro, siguen enarbolando a Constitución do 31, querendo imponela como Lei suprema, absoluta e definitiva. Ocurre que do derradeiro estado constituido ainda ficam en pé algunas institucións, que nós respetamos, antramentas que os más ardidos constitucionalistas soio saben minar o orde institucional, afincándose caciquilmente en grupos de amigos, que eles chaman partidos... Estamos vendo que os constitucionalistas foron, e siguen sendo, os más arrabeados contraventores da Constitución, e tal contrasentido fainos creer que algo indeclarable debe agacharse na súa aitude. Ese algo non é outra causa que o desexo de manter o sistema unitario e centralista, impedindo a implantación de República Federal.

Os homes que no exilio capitanean as forzas más responsables do desconcerto democrático hespañol, son aqueles mesmos homes que en 1933 coidaban que en Hespaña había esceso de republicans, e, coas súas intransixencias i esclusivismos, contribuiron a formar o exército de

.

En Montevideo vai celebrarse un novo acto conmemorativo de Guernica.

Dous circunstancias dan siño especial e interés de actualidade viva e trascendente a esta celebración.

Guernica coa sua tradición e o seu marteiro, e a sua mística proyectada cara o porvir como unha afirmación definitiva da nazionalidade vasca, e como un enxuro de creadora fé, espresiva da admirável saude moral daquele povo irmán.

E Galeuzca, ideia sustantiva dunha realidade subacente que afrora ao prano político peninsular predeterminando unha ordeación prurinazonal ibérica, e asinalando canle axeitado ao más amplio hispanismo.

Son duas circunstancias que se comprementan: GUERNICA personifica ao alento de vida ceibe que anima, non soio a nación vasca, senón tamén as demás nacións peninsulares asoballadas polo centrismo iensanguinetadas pola brutal repreñación de Franco i-a Falanxe.

GALEUZCA siñifica a concordia i-a unión na liberdade; o sentimento a proba de marteiro de cada persoalidade nazonal, i-o anejo dunha comunidade estatal compatibel con ista persoalidade.

De certo, todo o futuro políti-

Falemos en Lingoaxe Intelixible

Gil Robles, que, en súpito tras-paso de comandos, fixo posible a subversión militar. Agora eses homes restrinxen o campo democrático, dificultando a formación dun Goberno estraterritorial, que represente a vontade de todos, e non teñen empacho en enfrentarse con nós e acusarnos de "separatistas encobertos", enarbolando unha bandeira de papel, que soio sirve para encobrir o seu centralismo. A inxusticia que con nós se ven cometendo empurraríanos ao separatismo (eso é o que eles desean) se non tivéramos a cabeza no seu sitio ou desconfiáramos da nosa razón e do noso trunfo. Séipase que o noso meirande empeño está en buscar a fórmula de convivencia que faga posible o exercicio da democracia en Hespaña.

Sabido é que a democracia somentes pode vivir e desenvolverse en povos que teñan un verdadeiro espírito democrático i estean orgaizados políticamente sobor das súas realidades nacionaes. A este respecto non creemos que Hespaña careza d'ese espírito; pero Hespaña non está constituída sobor das súas realidades nacionaes, pois sendo plurinacional está rexida por un Estado unitario e centralista.

N'estas condicións, a liberdade dos homes, sen a correspondente liberdade dos seres nacionaes, desemboca fadalmente na disgregación, e cai axiña no desbaraxuste. A crisis da democracia iníciase pola subdivisión e multiplicación dos partidos políticos, que desacreditan o réxime popular, pulverizan a cibdadania e provocan o advenimiento da dictadura. Esto explica que Hespaña, tan amante da liberdade dos homes, pero tan aferrada aos mandos concentrados en Madrid, leve más d'un século en estado de guerra ou de alarma, políticamente insatisfeita e socialmente alborotada.

Dixemos moitas veces que

Hespaña vive oscilante, como un péndolo, que vai do desbaraxuste á dictadura e da dictadura ao desbaraxuste. O desbaraxuste chama pola dictadura e a dictadura provoca reaicións populares, que levan a unha liberdade precaria, inclinada ao desbaraxuste. Trátase acaso d'un país ingobernable, non apto para o exercicio da liberdade e da democracia? Non, por certo. O que ocorre é que en Hespaña as Constitucións son simples proiectos políticos-filosóficos, escritos por xuristas que aprenderon todo nos libros i endexamais contemplaron as vivas realidades do país; e o que debe buscarse é unha ecuación entre a Lei e as realidades, consagrando todo aquello que os povos venen praticando e respetando como bó e lexítimo. Nun territorio de tanta fondura histórica como Hespaña, composto de varias nacionais, con idiomas e culturas diferentes, con problemas vitaes contrapostos e onde están aitivos, como volcáns, os fondos insobornables de varios povos, afeitos a rexírense por sí mesmos—, non é posible que a liberdade política dos homes, sen a correspondente liberdade dos seus povos, conduza á paz democrática.

Alguén dirá que a Constitución do 31 concedía Estatutos autovómicos e que, polo tanto, non se trata d'unha Lei unitaria. Certo, certísimo, que a Constitución do 31 concedía autonomías, pero a liberdade que implicaban carecía de garantías, e un dereito non garantizado é unha ficción perigosa. Os povos autónomos rexianse por leises precarias, suxetas sempre ao arbitrio do Poder central, antramentas que os povos non autónomos eran, de feito, os donos e señores do Estado, consagríndose d'esta maneira o centralismo proprio das monarquías absolutas. O réxime de Estatutos

é, por consiguiente, un sistema

que nos esforçemos en falar con claridade aos que non queren en-

NO ANIVERSARIO DE GUERNICA

A Emoción Espertada por Galeuzca

Por ANTON ALONSO RIOS



co de Hespaña ten de xirar en volta deste binomio: GUERNICA-GALEUZCA.

Hespaña non atopará o seu tempo estatal namentas non conquira armonizar a sua ordeación xurídica coa sua realidade prurinazonal. E unha revolución política cuxa necesidade impresa brinca á vista.

GUERNICA é a realidade impresionante i-aleicionadora da vítima, enfortizada polo marteiro; do patriotismo que non claudica. E a lealdade a tradición e aos atributos moraes que leva ao trunfo do espírito. A humanidade do futuro terá de domearse plea de respeito diante do santuario civil de Guernica.

GALEUZCA siñifica a concordia i-a unión na liberdade; o sentimento a proba de marteiro de cada persoalidade nazonal, i-o anejo dunha comunidade estatal compatibel con ista persoalidade.

De certo, todo o futuro políti-

rece o módulo de igoaldade e de cooperación armónica entre as nacionais, outros que son privativos de cada nación, é hoxe a fórmula axeitada e lumiosa que vai depresas gañando as concencias.

O sentimento e fondo de GUERNICA é recollido agarrímosamente pola natural comprensión de GALEUZCA.

O ideario de GALEUZCA, axiña espaxrido na Península e no exilio, atopa a más cordial collida; i en todolos sitios esperta un movemento renovador dos módulos políticos, unha grande fé no porvir, i-a más viva emoción.

Diríase que diante do esgotamento de toda posibel solución centrista, e diante dos reitardados fracasos e desastres a que o unitarismo ten levado, á ordeación do Estado hespañol baixo a forma dunha confederación de nacións, que elemine a soma fatídica do centrismo aso-

tendernos; pero nós estamos aféitos a decir o que pensamos e día chegará en que seremos comprendidos. Escoitade a voz que acaba de chegarnos de Galiza, a voz d'un galeguista da nova promoción, e veredes corno a nosa aitude responde a sentimientos moi fondos e sinceros:

"O noso movemento báse fundamentalmente nunha aspiración de liberdade. Pero a liberdade que se lle reconoce ao home en xeral, ao home abstracto, non os abonda, pois nós non somos homes abstractos, senón homes concretos, homes enraizados nunha realidade nacional. Por eso queremos a liberdade, non somentes como seres humanos, senón como homes galegos, vascos ou cataláns, posto que non podemos ser homes sen ser 'Galegos', 'Vascos' ou 'Cataláns'. Por unha arela profunda de auténtica e plea liberdade é polo que somos nacionalistas galegos, nacionalistas vascos ou nacionalistas cataláns. Mais nós creemos que a liberdade non é posible sen democracia, i é por esta razón polo que nós somos completamente partidarios da democracia; e como, ademais, en Hespaña a democracia soio é viable dentro d'un sistema republicán, nós somos partidarios incondicionaes da República. Agora ben; a República ten de resolver o problema da verdadeira liberdade dos hespañoles, e esta liberdade dos hespañoles non será verdadeira mentras os galegos non sexan libres, como os vascos non sexan libres e os cataláns non sexan libres. A República pode asegurar esta liberdade d'unha soia maneira: federando aos povos hespañoles nunha unidade armónica, na que todos teñan igual participación. Liberdade, Democracia, República, Federación..."

Velahí, demócrata hespañol, o ideario dos nacionalismos galego, vasco e catalán, d'esas nacionalismos que tí calificas de "separatistas", "retrógradas", "reacionarios", etc.

CASTELAO.

zar i-oferecer a Hespaña, i-a toda a Península, un programa político-social que asegure solucionas xustas a cada un dos problemas, o mesmo aos particulares que aos xerais. Cada povo ve n'este programa de Galeuzca a posibilidade dunha eisistencia diña, de un ritmo de vida propio, de satisfacer as suas arelas culturales i-económicas, e de sentirse igual aos demais povos irmáns.

Na ordeación preconizada por Galeuzca, o Estado hespañol passará a ser a estrutura proteitora i-o artellamento legal i-efectivo dos intereses colectivos dunha comunidade de nacións que vontariamente pactan a sua unión, reservándose o atendere por si mesmas os seus intereses privativos. Dese xeito o ideal dun grande Estado hespañol fai-se compatibel coa vida nazonal ceibe e igual — sen odiosas hegemónias — de todolos povos da Península.

Galeuzca, á vez que elemina a irredutible confusión entre nación i Estado, creada polo unitarismo, xustifica e dalle a merecida categoría as forzas moraes que resistiron contra a ausoración centrista, ainda a costa do marteiro.

I-é, precisamente, a estas forzas moraes ás que se rende culto na celebración de GUERNICA

Narciso Vidal (h.)

AGENTE OFICIAL KODAK

Pelicuñas Radiográficas
Accesorios - Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES
U. T. 47-4718

"GALEUZCA" DE MONTEVIDEO, CELEBROU UN ACTO LEMBRANDO O 8º ANO DO MARTEIRO DE GUERNICA

Co motivo de celebrarse o oitavo aniversario do martirio de Guernica, "Galeuzca", de Montevideo, organizou un magnífico acto que tuvo lugar o domingo 29 de corrente.

A ceremonia, noutante o día en extremo desapercibido e chuvioso, levouse a cabo na praza Guernica de Montevideo, coa presencia dun público bastante numeroso ientusiasta, formada por vascos, galegos, cataláns e uruguaios.

Concurrión, tamén, un bon número de persoas destacadás do Uruguai, entre outras o diputado uruguayo Dr. Valiño y Sustiro; Véscobi Iturria; Felipe Gil, secretario da Universidade; o maxistrado Jiménez de Aréchaga; Machado Rivas; Real de Aldecoa, secretario da xefatura de policia; o presidente e secretario do Centro Republicano Hespanol, señores Afón e Otero, respectivamente; o presidente da Casa de Galicia, señor Luis Luría, e o vices, señor Jesús Canabal; o Dr. Mira y López; o presidente do Casal Catalá; o Delegado de Goberno Vasco no Uruguai, señor Guisasola, etc. Envíaron a súa adhesión os doctores Alfredo Palacios, Zorrilla de San Martín, José Andrés Ramírez, Dardo Regules e outros.

Presiden o acto o doctor Vícente de Amézaga, que a súa vez e o presidente de "Galeuzca" do Uruguai, quén pronunciou un emocionado discurso, que publicámos nestas mismas páxinas, agraciando a todos os que tomaron parte no homenaxe a vila immortal, no oito aniversario do seu inútil sacrificio, nas máns falanxistas e totalitarias.

O programa, deu comenza coa execución do himno uruguayo, pola Banda de Policía de Montevideo, que prestou o seu concurso estimabilísimo, realizando o acto. Enseguida, o poeta Carlos Sabat Ercastor, de ascendencia catalá e vasca, asocíándose a esta recordación, deu lectura a un "Canto a la Libertad", fermo, como todo o que sale da súa pruma privilexiada, de acento fondo, sobre e baril, que lamentámos non poder publicar. Despois, tocouse o Himno Galego e falou Castelao. A continuación o himno catalán e o discurso do doctor Bergós Ribalta. Acto seguido, o himno vasco e a verba de Lasarte. Despois, unha ofrenda floral foi depositada ao pé da lápida recordatoria da praza, polo doctor Amézaga.

Seguidamente o Coro de "Casa de Galicia" cantou unhas canções galegas, acompañadas pola Banda. Despois o grupo "Poxpolifák" executou danzas vascas. Todolos números d'arte foron moi aplaudidos.

Finalizou o acto co himno de Riego, pola Banda de Policía, que foi ovacionado. Actuou o locutor o señor Rossell Figueroa moi acertadamente, quén, además, tomou a versión taquigráfica dos magníficos discursos pronunciados polos oradores. O público, aguantou a pé firme, a chuva intermitente e atreboaada, mentres se desenvolaba o acto, sin importarle moito; tal era o seu fervoroso entusiasmo, e como si fora un relixioso deber.

Finalizado o acto a eso das 13

Asisteo a este acto unha delegazón de "Galeuzca" de Bós Aires, representandoa don A. R. Castelao, presidente do Consello de Galiza e o diputado vasco J. M. de Lasarte

DISCURSOS PRONUNCIADOS

horas, celebrouse un banquete no hotel "El Globo" con bon número de comensales, que foi amenizado con cantos galegos, vascos e cataláns. A os postres falaron Castelao, Valiño e Sustiro, Bergós Ribalta e Amézaga.

VIBRANTE DISCURSO DO DOCTOR ALFONSO R. CASTELAO

Demócratas:

Creo haber leido las mejores páginas que se han escrito sobre el exterminio sobre la indefensa Guernica, para asustar a los franceses e ingleses, y que Franco le ofreció su patria, lo que él llama "su patria", para que sobre ella comenzaran los horrores de la guerra totalitaria. Yo no lo creí; no pude ni queríe creerle; y no me sumo al grupo de los escépticos, descreídos, desconfiados y pesimistas, porque en estos momentos de esperanza sólo puede haber luz en nuestros corazones. (Muy bien!)

Por eso yo no vengo a entristeros con el recuerdo de Guernica, sino a iluminarlos con la esperanza que surge de su martirio. Bien dije el presidente de los vascos ante Guernica, con su árbol andagiero, simbolizó a través de los siglos, la libertad y la santa de mora. Pero la vida de un roble es demasiado corta para simbolizar la profundidad espiritual de un pueblo y de una nación que supo conservar la lengua de los primeros metales. Por otra parte, la vida de un roble, aunque milenario, no basta para medir el ansiado humor de libertad. Pero en



O público escuchando a los oradores

Guernica no hay un roble; hay una dinastía de robles, y cada uno de ellos guarda la historia de su tiempo y el recuerdo de la libertad vivida o ensombra durante su vida.

Yo he sentido la influencia mágica de Guernica. Estoy viendo el viejo roble, el pedre, el muerto, reducido a un muñón de hierro, que se alza como una deidad mitológica bajo un baldaquino de piedra. No sé qué respeto ancestral me infundió aquel tronco muerto, como si dentro de mí despertara el espíritu de mis antepasados celtas, que también veneraban los árboles; y sin poder remediarlo, besé aquella reliquia con la misma unción religiosa y patriótica con que lo hubiera besado un antiguo vasco acabado de resucitar.

